

## Pascua de Padrón

CEDIDA

# «Queremos manter as tradicións cunha visión actual e un toque cultural galego»

Padrón celebrará ata o domingo 12 de abril a máis agardada e multitudinaria das súas festas

Padrón deu comezo hai unha semana á Pascua, a cita por excelencia do seu calendario festeiro e que congrega visitantes de todos os recunchos da comunidade. «Son unhas festas moi agardadas pola veciñanza de Padrón e que aglutinan á poboación de toda a comarca do Sar e de Santiago, pero tamén de Galicia», destaca a edil de Turismo, Chus Campos.

Ata o Domingo de Pascuilla, a vila rosaliense será un feudo de xente na procura de diversión, música e propostas ao aire libre: «A Pascua gusta porque reúne múltiples eventos de distinta índole, desde a Semana Santa relixiosa, que ten moita importancia para a veciñanza, ata dez eventos deportivos, actuacións musicais folclóricas e orientadas ao ocio nocturno, a feira cabalar ou a exposición de maquinaria, entre moitas outras. A variedade das actividades é parte da bonita esencia da Pascua».

Para Campos, a clave que conseguiu manter o gran éxito que colleitan cada ano as celebracións radica na filosofía implementada desde o 2024, un ano despois da entrada do actual Goberno no Concello: «Procuramos manter as tradicións que son importantes, conservalas cunha visión máis actual,

sempre aportando ese toque cultural galego e un posicionamento visible da muller dentro das festas. Ademais, queremos asegurar que o ambiente se estenda por toda a zona histórica, con catro localizacións para as actuacións».

**A concelleira de Turismo, Chus Campos, subliña a «importancia» de «escoitar os veciños»**

**O tecido empresarial e os colectivos locais contribúen a facer da Pascua padronesa unha celebración «única»**

A concelleira pon o foco na importancia de escoitar os veciños. «Temos en conta todas as peticións que nos fan ao longo do ano. A partir de aí tratamos de poñer en marcha o que máis se demanda na medida do posible. Así, conseguimos ter unhas festas realmente bonitas e variadas». Campos reconece tamén o mérito do tecido empresarial e



A concelleira de Turismo, Chus Campos, co alcalde de Padrón, Anxo Arca, suxeitando o cartel da Pascua.

dos colectivos locais que constrúen a Pascua padronesa e apórtanlle un dinamismo único á vila: «O seu traballo é fun-

damental. Sen ir máis lonxe, as polbeiras xogan un papel clave no aspecto gastronómico das festas». ■

Do 27 de marzo ata o 12 de abril

# PASCUA DE PADRON 2026



### 4 DE ABRIL. SÁBADO DE PASCUA

21.00h **Pregón de Terio Carrera.** Presenta Sara Seco Rial. Praza de Macías.  
22.00h Verbena > **Olympus.** Fondo de Vila.  
23.30h Verbena > **Unión y Fuerza.** Paseo do Espolón.  
01.15h Verbena > **Olympus.** Fondo de Vila.  
02.45h Verbena > **Unión y Fuerza.** Paseo do Espolón.

### 5 DE ABRIL. DOMINGO DE PASCUA

13.30h **Banda de Música de Padrón.** Praza de Macías.  
14.20h **Charanga Mekanika Rolling Band** polas rúas.  
21.00h Concerto > **9Louro.** Praza de Macías.  
22.00h Verbena > **Panorama.** Fondo de Vila.  
01.00h Dj > **Matrek Show.** Paseo do Espolón.

### 6 DE ABRIL. LUNS DE PASCUA

13.30h **Banda Municipal de Santiago.** Praza de Macías.  
21.00h Verbena > **Los Satélites.** Recinto ao lado da gardería.  
00.00h Verbena > **París de Noia.** Fondo de Vila.

### 7 DE ABRIL. MARTES DE PASCUA

20.15h **Banda Municipal de Rianxo.** Praza de Macías.  
21.00h Verbena > **Charleston.** Recinto ao lado da gardería.  
00.00h Verbena > **Panorama City.** Fondo de Vila.

### 10 DE ABRIL. VENRES DE PASCUILLA

13.00h Sesión vermú > **Grupo Master.** Paseo do Espolón.  
22.00h Verbena > **Marbella.** Fondo de Vila.  
23.30h Verbena > **Nueva Línea.** Paseo do Espolón.  
01.00h Verbena > **Marbella.** Fondo de Vila.  
02.30h Open Air > **Dumore e DJ Places.** Paseo do Espolón.

### 11 DE ABRIL. SÁBADO DE PASCUILLA

12.45h Sesión vermú **UF75.** Praza de Macías.  
20.30h Verbena > **Atenas.** Recinto ao lado da gardería.  
22.30h Verbena > **La Fórmula.** Fondo de Vila.  
00.15h Verbena > **La Fórmula.** Fondo de Vila.  
01.30h Open Air > **Remember 90's-2000's.**  
03.00h Open Air > **Jorge Álvarez.**

### 12 DE ABRIL. DOMINGO DE PASCUILLA

18.00h **XV Festival de Bandas Capital do Sar.** Praza de Macías.  
20.00h Verbena > **Capitol.** Fondo de Vila.  
23.00h Verbena > **Assia.** Recinto ao lado da gardería.



## Pascua de Padrón

# A cita máis agardada dunha vila que une tradición e vitalidade

Esta emblemática festa naceu hai máis de catro séculos a partir dunha feira cabalar e gandeira

### Redacción

Hai celebracións que non precisan presentación, porque forman parte da memoria fonda dun pobo. A Pascua de Padrón é unha delas. Cada ano, coa chegada da primavera e da Semana Santa, a vila rosaliana énchese de vida arredor dunha festa con máis de catro séculos de historia documentada, unha celebración secular que soubo conservar a súa alma mentres medraba co paso do tempo.

As súas orixes remóntanse a comezos do século XVII, aínda que o latexo inicial da festividade semella vir de máis atrás, da man dunha importante feira cabalar e gandeira á que acudían tratantes de toda Galicia e mesmo de Castela. A coincidencia daquela actividade comercial co Domingo de Resu-

rección foi tecendo, ano tras ano, a identidade dunha festa singular, na que o relixioso e o popular aprenderon a camiñar da man.

Arredor da feira fóronse incorporando novos sinais de identidade: actos culturais, competicións deportivas, música, encontros sociais, propostas gastronómicas e espazos de lecer para todas as idades. Así, a Pascua deixou de ser só unha cita comercial ou litúrxica para se converter nun gran punto de encontro, nun motor de dinamización económica e sociocultural e, sobre todo, nunha das romarías máis queridas e recoñecibles de Galicia.

A historia da Pascua de Padrón tamén coñeceu momentos delicados. A comezos do século XIX, a súa relevancia era tal que o Concello de Santiago chegou a solicitar á monar-



A feira cabalar da Pascua de Padrón atrae cada ano milleiros de afeccionados.

quía o traslado da feira padronesa á capital galega. Mais a petición non prosperou e o rei dispuxo que a feira permanecese en Padrón. Desde entón, a feira cabalar celebrouse de maneira ininterrompida, sempre vencellada á Pascua de Resurrección, e dese vínculo nace tamén o seu nome.

Nesta cita histórica conviven procesións, pregóns, espectáculos ecuestres, atraccións, feiras, concertos, probas deportivas, actos de irmandamento e os xa imprescindibles postos de polbo. ■



O Festival de Bandas Capital do Sar celebrará este ano a súa XV edición.

centro  
**DENTAL**valga

*Diseñamos tu sonrisa*

• Odontología general • Ortodoncia invisible  
• Implantes con cirugía guiada • blanqueamiento dental

**Especialistas en:**  
**PRÓTESIS DENTAL**

Avda. de La Coruña, 64 - 66 • portal 2 • 1º E • Valga (Pontevedra) • T. 986 559 181 - 666 532 965

PRESUPUESTOS  
SIN COMPROMISO

**castaño bascoy**

al servicio de la construcción desde 1995

**DE MIL OBRAS**  
NOS AJUNTAN DESDE 1995

Esclavitude · Padrón · Tel. 981 509 818 | www.bascoy.com | info@bascoy.com

LABORATORIO

**Arturo M. Reboyras Villaverde**

ANÁLISIS CLÍNICOS, AGUAS Y ALIMENTOS

SEGUROS: ADESLAS, MUFACE, ISFAS, ASISA, AEGON, UNIÓN MADRILEÑA, UNIÓN ARTESANOS

| Extracciones a domicilio |

Rúa Longa, nº 19 baixo · PADRÓN  
laboratorio@arturorv.es · M. 630 708 435

**AGENCIA MORLA**

50 AÑOS

**AGENCIA MORLA**

SEGUROS · LABORAL · FISCAL

c/ Enlace Parque, 6 bajo - 15900 Padrón  
Tfnos. y fax: 981 810 051 / 981 810 745  
✉ morla@agenciamorla.es

**LOTERÍAS, PADRÓN, S.L.**

Administración de Lotería número 2

Tel. 981 810 561  
610 92 23 47  
Plaza del Castro, 6  
PADRÓN (A Coruña)

**patronus ASESORÍA**

Alfonso Fernández Pérez  
Economista  
Colegiado nº C5513

Rúa Enlace Parque, 2 · Bajo Izq  
Padrón (A Coruña) · asesoria@patronus.es  
T. 881 957 392 M. 665 807 253

## Pascua de Padrón

# «A Pascua non se podería entender sen a feira cabalar»

Padrón acolle este domingo a Copa Galicia de morfoloxía equina e o espectáculo de doma

Iago Rodríguez

En palabras de Jacobo Pérez Paz, presidente da Asociación Pura Raza Cabalo Galego: «A feira da Pascua de Padrón é unha das máis tradicionais de Galicia neste sector e posiblemente unha das máis importantes e das de maior afluencia de público, xa que é a primeira feira de primavera da nova tempada, onde se presentan os novos poldros, e conta cunha área de influencia moi grande».

Segundo explica o experto equino, foi nesta cita vinculada a estes mamíferos onde naceu a celebración que hoxe coñecemos como a Pascua padronesa, polo que a celebración «non se podería entender sen a feira cabalar. É un mercado gandeiro

que se formou para vender os excedentes da produción anual e os exemplares que nacían. A raíz dese tránsito de animais, que viñan cabalgando pola serra do Barbanza, montouse un mercado paralelo. Os asistentes mostraban os cabalos e as eguas que tiñan para traballar as terras, e isto deu orixe á feira que celebramos na Pascua».

Pérez Paz fai fincapé na importante situación xeográfica na que se celebra este encontro, na capital da comarca do Sar, máis concretamente no Campo da Barca. «Está nun cruce de camiños importantísimo entre Pontevedra e a serra do Barbanza, é dicir, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo, de paso cara a Santiago de Compostela. Así foise asen-



A feira cabalar da Pascua de Padrón atrae cada ano milleiros de afeccionados.

tando como un punto de encontro entre gandeiros non só de Galicia, senón tamén de Asturias, Portugal e Castela, que viñan mercar as reses coas que traballaban os campos».

Pérez Paz, firme defensor da recuperación do cabalo de pura raza galega, encargárase de moderar os certames morfolóxicos e o gran espectáculo de doma que terán lugar este domingo. «Considero que son dous dos principais atractivos dos festexos: un deles, dirixido aos amantes do sector e o outro, pensado para quen busca un espectáculo único».

### HISTORIA

**O evento comezou sendo un mercado gandeiro para comerciar cos animais sobrantes**

A partir das 10.00 horas haberá cinco concursos diferentes: de cabalos e eguas de pura raza galega; de exemplares cruzados; de ponis, no que participará a rapazada; de razas

percherón, bretón e hispanobretón; e de eguas e cabalos de pura raza árabe. En total, repartiranse 1.780 euros en premios.

Por outra banda, o Campo da Barca acollerá *El hechizo de la Rosa*, o espectáculo de doma que foi medalla de prata no Salón Internacional do Cabalo de 2025. A función correrá a cargo da compañía ecuestre La Magia del Caballo, coa participación da sección de doma da Alta Escola de Galicia Dragóns de Santiago e da Asociación Pura Raza Cabalo Galego. ■

www.grupoodl.com

**CASA RAMALLO**

Especialidades:  
Cocina tradicional gallega  
Guisos caseros  
Mariscos de la ría  
Lamprea de temporada

Tel. 981 80 41 80  
A 3 km de Padrón - Crta. Noya  
15911 ROIS (A Coruña)  
casaramallo@hotmail.com  
GPS: 42° 45' 32" N · 8° 41' 6" O

**Gráficas LASA, S.L.**

Pol. Ind. de Pazos, parc. 13 - Padrón  
presupuestos@graficaslasa.com  
981 10 81 83

**Impresión. Calidad. Rapidez. Confianza.**

## Pascua de Padrón

# «Se non houberse polbeiras, isto non sería a Pascua»

Marisol Doce acumula décadas servindo comandas deste manxar galego nun dos períodos máis importantes do ano para o negocio

O negocio Pulpería Mambis leva presente en Padrón desde hai 71 anos. Trátase dunha dinastía familiar que na actualidade rexenta Marisol Doce, unha traballadora que en cada Pascua se entrega a fondo xunto co seu persoal para que, durante eses días, ningún festeiro quede sen comer polbo, unha tradición case tan arraigada como a propia festa. «Se non houberse polbeiras, isto non sería a Pascua. A vila énchese de persoas que veñen comer o polbo; é parte da identidade pascual», sinala.

Esta cita mantense viva no tempo grazas á súa capacidade para se adaptar ás demandas actuais e para tirar o máximo proveito dos costumes máis asentados, como ocorre coas familias que non fallan á súa cita co polbo. «Na nosa carpa temos espazo para 400 persoas e, dependendo do día, está completamente chea. O Xoves Santo, o Venres Santo e o Domingo de Ramos temos colas, nós e todas as polbeiras. Ademais, o luns é festivo e tamén atrae moita xente», explica Marisol.

Os perfís das persoas que se achegan cada Pascua á capital do Sar para degustar este manxar típico galego son variados: «A tradición é vir aquí coa familia, levar os rapaces ás atraccións e probar o polbo. Iso si, a xente maior é a que máis mesas ocupa; moitas persoas veñen á Pascua unicamente a comer». Con motivo da celebración, o negocio permanece operativo durante 15 días sen interrupción: «Desde o venres ata o Domingo de Pasquilla non pe-



CEDIDA

Marisol Doce leva décadas traballando como polbeira na Pascua de Padrón.

chamos». Neste período, ademais, conta coa fidelidade dos seus clientes máis habituais. «Algúns veñen

comer dez días entre as dúas semanas; outros mesmo veñen ao medio-día e volven pola noite», comenta.

A experiencia fai que saiba ben que, cando a Semana Santa se achega, a polbeira ten que facer un

esfuerzo extra para garantir un servizo de calidade e á altura da alta demanda: «Nestes días previos ocupámonos de encargar o polbo, lavallo e encher a cámara; todo ten que estar a tempo». Non pode ser doutro xeito, pois nas xornadas grandes da Pascua todos queren probar o sabor exquisito do cefalópodo. «Nun día forte podemos servir 500 quilos de polbo», confesa. Esta actividade constante supón unha importante inxección económica para o negocio: «Levar unha polbeira ten moitos gastos, pero é certo que estas datas nos veñen moi ben».

«Nun día forte podemos chegar a servir ata 500 quilos de polbo»

O labor de coordinar o equipo nunhas datas de tanto traballo pode chegar a ser abafante, pero para Marisol a Pascua é diferente. «Eu desfruto moito o meu traballo. Gústame facer que a xente se sinta cómoda, preguntarlle que tal a comida e que o pase ben. Por iso mesmo lle dou tanta importancia a manter conversas amenas coa clientela; creo que esa parte é importante», indica a hostaleira, unha verdadeira experta nestas citas: «Levo movéndome na Pascua desde que tiña cinco anos». ■

**BOUTIQUE DEL TRAPO**  
Telas al peso y metro  
Mercería

981 810 019  
Boutique del Trapo  
boutiquedeltrapo@yahoo.es

**CENTRO AUDITIVO BALTAR**

FINANCIACIÓN A 1 AÑO.  
SIN INTERESES,  
FINANCIABLE HASTA 36 MESES

Plaza Baltar s/n - Padrón  
T: 981 81 20 17  
www.centroauditivobaltar.com

Felices Pascuas

Prueba de audifonos gratis durante 1 mes.  
Protectores auditivos a medida para fábricas o agua.  
Readaptamos si fuese necesario audifonos de otros gabinetes.

**Talleres Pardal**  
MULTIMARCA

TP EuroTaller

Extramundi - Padrón (A Coruña)  
Telf.: 981 810 083 · Móvil: 629 159 292  
www.tallerespardal.es

**almacenes eladio**

Deséxanlles boas festas

**DROGARIA • BRICOLAXE • LIMPEZA  
PERFUMARIA • SEMENTES • DECORACION  
HORTICULTURA • PAPELARIA • MENAXE**

**PADRÓN.**Rúa de Castelao, 25-29 • Tel.: 981 810 959. WhatsApp: 676 436 105  
**PADRÓN.**Comercial agrícola. Rúa de Castelao, 25. Tel.: 981 810 959  
**CALDAS DE REIS.** Rúa Real, 75. Tel. 886 215 398. WhatsApp: 673 537 950  
E-mail: info@eladio.gal • Facebook: almacenes eladio **www.eladio.gal**



## Pascua de Padrón

### Redacción

Ao xuntar nunha mesma ecuación deporte e Padrón, é inevitable pensar no ciclismo, disciplina que ao longo das últimas décadas viviu un crecemento exponencial na capital do Sar. Unha evolución que lle permite reivindicarse hoxe como un dos máximos expoñentes desta práctica deportiva na comunidade, e mesmo no conxunto do país.

Esta afirmación vese respaldada pola progresión dunha das súas probas ciclistas por antonomasia, a Clásica de Pascua, que nesta edición ascende á categoría 1.2 do calendario da Unión Ciclista Internacional. Convértese así nunha das dúas probas da Challenge Futura, a nova competición creada pola Federación Española de Ciclismo e que traerá a Padrón equipos profesionais, continentais e amateurs.

A 63ª edición da Clásica de Pascua, na que competiron moitos dos ciclistas destacados que levaron o nome de Padrón ao panorama nacional, celebrárase o Domingo de Pasquilla, 12 de abril, e promete ofrecer o espectáculo competitivo máis destacado da súa historia con este salto de nivel.

A vinculación da vila rosaliana co ci-

# Padrón aséntase como un dos berces do ciclismo galego

A tradicional carreira Clásica de Pascua sobe de nivel nesta edición e será proba do calendario da UCI con ata doce equipos profesionais



Ciclistas colocándose na saída dunha anterior edición da Clásica de Pascua.

clismo vén de lonxe. En 1956 fundouse a Peña Ciclista Bernárdez, que despois adoptaría o nome de Club Ciclista Padronés, o primeiro equipo galego integrado na Federación Galega de Ciclismo.

O impulsor daquela Peña coa que naceu o Club foi Francisco Rodríguez, un dos principais impulsores deste deporte no municipio.

A partir da década dos 60 comeza-

ron a destacar numerosos corredores locais, como José Angueira, Víctor Blanco, Eduardo Novo ou Manolo Carballo. Nos anos 80 emerxeu unha das figuras máis importantes do ciclismo

padronés, Suso Blanco Villar, que participou en dez Voltas a España, tres Tours de Francia e un Giro de Italia. Xa nos 90 destacou a figura de José Ángel Vidal, presente en catro Voltas a España, oito Tours de Francia e dous Giros de Italia.

### Tres presidentes da Federación Galega de Ciclismo

Ademais de contar cunha ampla nómina de ciclistas destacados, Padrón tamén presume de ser o lugar de orixe de tres expresidentes da Federación Galega de Ciclismo. O primeiro foi Rafael Pazos, nos anos 60; seguido de José Luis Baleirón, nos 80; e de Sabino Cortizo, na década dos 2000.

Con todo, Padrón non lle debe esta grande afección ao ciclismo unicamente ao pasado. No presente segue gañando reputación como berce desta disciplina, xa que o Club Ciclista Padronés Cortizo está consolidado como o máis potente de Galicia e un dos máis laureados de España en función dos seus resultados: foi o primeiro equipo da clasificación nacional da RFEC na categoría élite-sub23 en 2022 e 2023, e en 2025 ocupou o terceiro posto. ■

**D'Mares**  
Bacalao

[www.dmares.es](http://www.dmares.es)  
Tel. 986 557 900

**GRUAS ESTACION**  
Grúas de gran tonelaje. Soluciones de Elevación. [www.gruasestacion.com](http://www.gruasestacion.com)

Central: **ESCLAVITUD - PADRÓN**  
Ctra. N-550 (km. 78), Santiago-Pontevedra  
☎ 981 00 35 60 (4 líneas) Fax: 981 00 35 58

Sucursales: **SANTIAGO** Polígono Industrial del Tambor ☎ 981 55 27 14  
**PONTEVEDRA** Ballela - Ctra. Vigo ☎ 949 90 14 00

e-mail: [info@gruasestacion.com](mailto:info@gruasestacion.com)  
<http://www.gruasestacion.com>

**Padronesa**  
Soluciones técnicas en vidrio y acero

[www.cristaleriapadronesa.com](http://www.cristaleriapadronesa.com) · Esclavitud · Padrón · A Coruña ☎ 981 803 519

## Pascua de Padrón

### Redacción

Na Pascua de Padrón a variedade está ao orde do día. Hai quen se achega á localidade para ir comer o polbo, familias que levan aos cativos ás atraccións, amantes do deporte que participan ou son espectadores das probas de atletismo e ciclismo, ou afeccionados do sector ecuestre que non perden a ocasión de vivir en primeira persoa a tradicional feira cabalar. Sexa como sexa, hai un bo feixe de opcións para elixir a que máis atractiva lle resulte a cada quen.

Nesa combinación de actividades xoga un papel primordial a programación musical. Unha escolla de profesionais do espectáculo que nesta edición da Pascua mestura algunhas das personalidades máis destacadas do momento coas orquestras máis recoñecidas e que máis están soando no mundo da verbena. Un cóctel de ocio pensado para facer gozar ao público de todas as idades.

# A festa reforza o seu atractivo musical con Nueva Línea e 9Louro

Panorama, París de Noia, Los Satélites e Olympus actuarán entre o venres e o domingo

Dentro desta ampla oferta non poden faltar algunhas das orquestras galegas máis coñecidas de Galicia: Panorama, París de Noia, Olympus ou Los Satélites, que estarán na Pascua de Padrón, xunto con Unión y Fuerza, Capitol, La Fórmula, Marbella, Charleston Big Band e Panorama City.

Pero se hai unha agrupación que espertou interese nesta edición da festa esa é Nueva Línea. A formación tinerfeña do momento que interpreta al-

gúns dos temas máis virais nas redes sociais, como *Un Beso* ou *Noche de Copas*, aterrará en Padrón o venres 10, Venres de Pascuilla, para facer gozar ao público co seu espectáculo.

### O artista galego de moda

Para os que prefiran os ritmos urbanos, a Pascua de Padrón ofrece a actuación dun dos artistas do momento, o cantante muradán 9Louro, un dos



O cantante de Muros 9Louro actuará o domingo na praza de Macías.

CEDIDA

máximos expoñentes da nova escena musical galega, que actuará o domingo 5 na praza de Macías.

«A xente nova pediunos moito que trouxeramos a este artista e pensamos que se adaptaba aos valores que compartimos na Pascua de Padrón. A mocidade estanos transmitindo que agarda con ilusión o seu concerto», sinala a concelleira de Turismo, Chus

Campos, sobre a fichaxe de 9Louro para as festas.

Outra das citas tradicionais é o Festival de Bandas Capital do Sar, que se celebrará o domingo 12, Domingo de Pascuilla, e que contará coa participación da Asociación Artística de Merza, a Banda de Música de Castrelo-Cambados e a Banda de Música Municipal de Padrón. ■

**Pulpería Rial**

Local climatizado

[www.pulperiarial.com](http://www.pulperiarial.com)  
Plaza Pepe Domingo  
Castaño nº 11  
PADRÓN (A Coruña)

[www.rioscarteria.es](http://www.rioscarteria.es)

**RIOS**  
CANTERÍA y CONSTRUCCION

- Construcciones - reformas
- Especialidad en piedra y restauraciones

Esclavitud - Padrón - [info@rioscarteria.es](mailto:info@rioscarteria.es)  
T. 610 804 522 - 696 820 002 - 687 074 585

**¡Cumplimos 3 años!**

**DON GAUCHO**  
CARNES A LAS BRASAS

- Contamos con terraza interior y exterior
- Organizamos eventos a tu medida
- Tenemos una terraza exterior donde cocinamos corderos, cochinitos, costillares de ternera enteros

Avda. Compostela, 55 • Padrón • T. 652 472 467  
[www.asadordongaicho.com](http://www.asadordongaicho.com)

No dudes en llamarnos y contacta con nosotros en nuestras redes o por e-mail.

Menú del día (capacidad 200 personas)

[\\_dongaicho](https://www.instagram.com/_dongaicho)

**O FORNO DE VELO**

Rúa Longa, 24 • Padrón  
981 811 345

**RECAMBIOS CARBAJAL**

- Automoción
- Industria
- Agrícola
- Hidráulica
- Maquinaria
- Herramientas

Avda. Compostela, 45 - bajo  
PADRÓN (A Coruña)  
T. 981 810 306 • M. 616 475 181  
[recambioscarbajal@hotmail.com](mailto:recambioscarbajal@hotmail.com)

**CAFETERÍA**  
CENTRO SOCIAL

**Bustelo.**  
SERVIZO DE AUTOCARES

Polígono de Pazos  
Parcela 67 Apto. nº 86  
15917 PADRÓN (A Coruña)

981 804 000  
[info@autocaresbustelo](mailto:info@autocaresbustelo)

ISO 9001:2000  
UNE 13816:2005  
BUREAU VERITAS  
Certification